

ANO 2024: LUISA VILLALTA

17 de Maio  
Dia das Alegrias  
Caleças



 **bolanda** EDICIONES Y MARKETING

PEPE CARREIRO

# Os Bolechos

® TM

as miñas primeiras Letras Galegas



**LUÍSA VILLALTA**


# as bolechas

© TM  
PEPE CARREIRO



as miñas primeiras Letras Galegas

Ola, amigas e amigos! Estoume a disfrazar da escritora **Luísa Villalta**, que é esa señora da foto. Eu teño o cabelo negro como o dela e estouno a peitear para facer unha melena como a súa, ghi, ghi... A ver se me parezo!




Xa son Luísa Villalta, ghi, ghi. Puxen unha camiseta como as que leva ela nas fotos. Agora vou recitar versos dos poemas do seu libro **Ruído**.

Fixádevos ben!  
As palabras  
en *cursiva* son  
igualiñas ás que  
escribiu Luísa...



*A nosa ubicación anda perdida  
na difusa constelación.*







Todo canta unha paz  
de paraíso.




*Só os ventos saben  
a que hora se deben empezar  
a varrer as ruas.*






*Igual que un tigre...  
Salto a reventar  
da rua mesma,  
dun lado ao outro.*








*Viver como vive a poesia,  
voar de aquí a alá.*






*O ceo cobrou unha cor  
que facia pensar.*



*Algo ou alguén está  
a esperar-nos baixo as águas?*



Luísa Villalta naceu na **Coruña**, o 15 de xullo de 1957. De nena xogaba nos xardíns de Méndez Núñez e aprendeu a patinar en Riazor. Xa daquela lle gustaba ler e a música. Aos oito anos entrou no Conservatorio de Música da Coruña e fixo alí toda a carreira de violín. De moza tocou na Xove Orquestra de Galicia e estudou lingua na Universidade de Santiago de Compostela. Xa escribía teatro, poesía e novela. Logo foi profesora nun instituto de Sada, onde tamén facía actividades coas súas alumnas e alumnos: teatro, recitais de poesía, aulas de música e revistas.

Estes son algúns dos seus libros: de poesía: ***Música reservada***, ***Ruído***; de teatro: ***Concerto para un home só***, ***Os dóces anos da guerra***; novela: ***Teoría de xogos***.





as miñas primeiras Letras Galegas

# os bolechos

PEPE CARREIRO



**bolanda** EDICIONES Y MARKETING



REAL ACADEMIA GALEGA